



CONCELLO

R.E.L. 01150177

C.I.F. P-1501700-G

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE E FAMILIARES DE CAMBRE (ARELA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN PSICOSOCIAL CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE RESIDENTES NO MUNICIPIO.

Na Casa Consistorial do Concello de Cambre, a 30 de decembro de 2016.

REUNIDOS:

Dunha parte, **DON OSCAR A. GARCÍA PATIÑO**, alcalde do Concello de Cambre, en representación legal que do mesmo lle confire o art. 21.1.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra, **DON MIGUEL ÁNGEL GUTIÉRREZ NIETO**, con DNI _____ presidente da Asociación de Persoas con Discapacidade e Familiares de Cambre (ARELA), actuando en nome e representación da mesma, con CIF G-70148507 e con sede na rúa Río Brexa, núm. 6, Baixo CP 15660 da Barcala (Cambre).

Ante mín, **DONA M^a LUISA DE LA RED AMPUDIA**, secretaria da corporación, cumprindo a resolución de alcaldía núm. 2153/2016 de 29 de decembro de 2016, e tendo en conta o establecido no artigo 86 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e artigo 1225 do Código Civil, formalizan o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

1.- O Concello de Cambre ten atribuídas competencias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social, segundo establece o artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de rexime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

A Constitución Española no seu art. 49 enuncia que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o disfrute dos dereitos que este Título otorga a todos os cidadáns

A Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia establece como obxectivos do sistema galego de servizos sociais a promoción de alternativas, recursos e itinerarios de integración social para aquelas persoas que se atopen en situación de risco de exclusión social, a prevención e aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección, así como a promoción e dinamización da participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

O decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no artigo 8, establece como funcións dos servizos sociais comunitarios básicos a identificación de grupos de poboación e persoas socialmente vulnerables e a detección precoz de situacións de risco ou desprotección para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

Asemade, no artigo 24 referido ao fomento da cooperación e da solidariedade social no apartado 3, faise referencia ao fomento e creación de organizacións de autoaxuda, axuda mutua e de acción solidaria. Estas organizacións complementarán a actuación dos servizos sociais públicos de acordo coa planificación local de servizos sociais.


2.- Considerando que o Concello de Cambre carece de persoal e de medios necesarios para abarcar cos seus propios recursos programas de atención e intervención cos posibles usuarios do municipio de Cambre que padezan algún tipo de discapacidade.



3.- Considerando que a entidade "Asociación de Persoas con Discapacidade e Familiares de Cambre" (ARELA) constituída no ano 2007 e que así consta inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2007/010866-1 (SC), nace en Cambre para dar unha resposta a unha serie de necesidades dentro do colectivo das persoas con discapacidade, desempeñando tarefas de recuperación e rehabilitación de persoas con discapacidade a través da fisioterapia, terapia ocupacional e logopedia e a súa integración social.

Tendo en conta que esta entidade declara neste acto, atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fiscais e coa seguridade social, que se derivan da súa actividade.

4.- Considerando que no orzamento municipal do ano 2016, consta consignada nominativamente unha subvención a favor desta Asociación, na aplicación orzamentaria 2016 231 48905 ARELA.



Por todo o exposto, este Concello, a proposta da Concellería de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, considera necesaria a formalización dun convenio de colaboración, para que mediante a combinación dos recursos e esforzos das partes asinantes, se promova o desenvolvemento de programas de intervención psicosocial con persoas con discapacidade residentes no municipio.

Sobre a base do exposto, e en uso da súa capacidade, ambas as dúas partes acordan suscribir un convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS



PRIMEIRA: COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE E FAMILIARES DE CAMBRE (ARELA)

- 1) Promover a integración e participación social das persoas con discapacidade a través dos medios e persoal dos que dispoña a entidade, facilitando a incorporación nas actividades e servizos que se desenvolven dende a mesma, onde se traballan distintas áreas: logopedia, fisioterapia, terapia ocupacional,



CONCELLO

R.E.L. 01150177

C.I.F. P-1501700-G

técnicas de búsqueda de emprego, curso de linguaxe de signos, campamento de verán (respiro familiar), así como actividades culturais e de ocio, tales como actividades de Nadal e entroido, excursións,...

O persoal contratado pola Asociación para o cumprimento de todos os compromisos sinalados neste convenio, non terán vinculación laboral co Concello de Cambre.

- 2) Ofrecer un servizo de apoio, información, asesoramento e orientación individualizada aos familiares de persoas con discapacidade do municipio de Cambre que participen nas actividades da Asociación.
- 3) Orientar ao Concello, cando este así o solicite en temas relacionados coa discapacidade en xeral.
- 4) Presentar os documentos acreditativos da realización dos compromisos recollidos neste Convenio e da aplicación dos fondos recibidos mediante a presentación antes do 31 de decembro de 2016 de:

a) Memoria anual da asociación. Esta memoria deberá incluír a relación de usuarios participantes nas actividades e cursos desenvolvidos pola asociación, que sexan do municipio de Cambre coa súa debida identificación e das actividades, cursos e programas nos que participan así como a atención prestada aos seus familiares ao longo do ano 2016. Esta memoria poderá incluír tamén todos aqueles aspectos que os profesionais e a entidade consideren de interese.

b) Relación detallada das subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con subvencións, con fondos propios ou outros recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.


c) Relación clasificada dos gastos da actividade ou cursos, con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión.

A entidade deberá contar cun Rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúan debidamente identificados, entre outros, os relativos a actividade obxecto de financiación no presente convenio, tendo os efectos previstos no artigo 17.3 h) da Lei xeral de subvencións e no artigo 11. f) e g) da Lei de subvencións de Galicia, ademais daqueles libros e rexistros contables que as normas que lle sexan de aplicación no ámbito contable establezan.

Para os efectos de acreditar ante este concello o destino dos fondos recibidos, os pagos deberán realizarse a través de entidade financeira, salvo os de escasa contía, que poderán realizarse en efectivo (sempre e cando se

xustifique a imposibilidade de efectuar o aboamento por distinto medio de pago). Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo o calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos. Deberá acreditarse o pagamento dos gastos a través de xustificante bancario, o cal será obrigatorio, unha vez aboada a subvención, se así lle fora requerido.

- d) Memoria anual da xestión económica da Asociación do ano 2015, aprobada pola entidade.
- e) Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas dos gastos realizados, que respondan á natureza das actividades subvencionadas ou cursos, e por importe mínimo de 2.777,78 euros, tendo en conta que o coeficiente de financiación establecido no presente convenio é do 0,9.




Se non se xustifica totalmente o orzamento subvencionado de 2.777,78 euros, pero está acreditado que a finalidade básica da subvención se cumpríu, o importe inicialmente concedido reducirase mediante a aplicación do coeficiente efectivamente xustificicado. Entendese que a finalidade básica da subvención se cumpríu se se realizaron, alomenos, o 75 por 100 das actividades ou cursos previstos e presupostados no convenio. En caso contrario, entenderase que a finalidade básica non se cumpríu, polo que non se aboará cantidade ningunha sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.

Finalizado o prazo sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de servizos sociais requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións, incluída a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido.



No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos públicos ou privados, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas.

Se considerarán gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada, e teñan relación directa co obxecto que se subvenciona. Non se consideran gastos subvencionables os importes aboados ao concello de Cambre en concepto de tributos ou demais ingreso de dereito público.



Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentarse fotocopias, antes de facer a copia deberá extenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do concello de Cambre.



CONCELLO

R.E.L. 01150177

C.I.F. P-1501700-G

5) Facer constar en todas as actividades ou cursos, trípticos, carteis que realice ou nas participe, que estén incluídas no obxecto deste convenio, ao concello de Cambre como entidade financiadora.

6) Someterase ás actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello consideren oportuno realizar, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como do emprego dos fondos percibidos, aportando tanta información sexa requirida.

SEGUNDA: COMPROMISOS DO CONCELLO DE CAMBRE

Este Concello comprométese a aportar durante o ano 2016, a cantidade de dous mil cincocentos euros (2.500,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2016 231 48905 ARELA. A achega farase efectiva, logo da presentación por parte de ARELA dos documentos acreditativos do cumprimento do obxecto do convenio sinalados no compromiso 4) da cláusula primeira.

De non ser posible o recoñecemento da obriga a prol da entidade no exercicio 2016, a achega municipal quedará condicionada á existencia de crédito no orzamento xeral do exercicio 2017.

Establecese un coeficiente máximo de financiamento do 0,9 do custo do obxecto a subvencionar segundo o establecido polo artigo 32 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Se non se xustifica totalmente o orzamento subvencionado de 2.777,78 euros , pero está acreditado que a finalidade básica da subvención se cumpriu, o importe inicialmente concedido reducirase mediante a aplicación do coeficiente efectivamente xustificado. Enténdese que a finalidade básica da subvención se cumpriu se se realizou, alomenos, o 75 por 100 das actividades previstas e presupostadas no convenio. En caso contrario, entenderase que a finalidade básica non se cumpriu, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.

En ningún caso a suma das axudas obtidas das diferentes administracións públicas poderá ser superior ao custo das actividades ou cursos realizados; neste suposto reduciríase proporcionalmente a achega municipal.

TERCEIRA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración subscríbese cun período de vixencia que comprende dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

CUARTA: OUTRAS DISPOSICIÓNS

Para o non previsto neste convenio será de aplicación o disposto no Título V das Bases de execución do orzamento de 2016 e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia e na demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.

QUINTA: EIDO DE APLICACIÓN

O presente convenio queda fóra do ámbito do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en virtude do disposto no artigo 4.1d) do citado corpo legal, sen prexuízo da aplicación dos principios da lexislación contractual para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar, ao abeiro do establecido polo artigo 4.2 da lei.

Nembargantes, este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que o suscriben, suxeitas á xurisdicción contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na súa aplicación.

SEXTA: REINTEGRO DE FONDOS

Establécese a obriga por parte de ARELA de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei 38/2003, e nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007.

SÉTIMA: CONFORMIDADE COAS CLÁUSULAS


Ambas as dúas partes mostran neste intre a súa conformidade ao contido das cláusulas expostas no corpo do presente escrito, comprometéndose ao cumprimento de cantas obrigas se deriven ata o seu total cumprimento e finalización.

OITAVA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

E para que así conste a todos os efectos que legalmente procedan, e unha vez lido íntegramente este documento, os outorgantes se afirman e ratifican no exposto, asinándoo en triplicado exemplar e a un só efecto ante mín, Secretaria, que dou fe.

O alcalde
Oscar A. García Patiño



O Presidente de ARELA
Miguel Ángel Gutiérrez Nieto

A secretaria



M^a Luisa de la Red Ampudia

